


2013

BOLETÍN XANEIRO

APE GALICIA

1. AXUDA INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA
2. CONTRATO INDEFINIDO PARA EMPRENDEDORES
3. IDEAS PARA RELANZAR O PEQUENO COMERCIO
4. CURSO FONTANERÍA
5. CURSO INGLÉS A2



1. AXUDA INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT)

Obxecto:

O programa de apoio ás IEBT vai encamiñado a fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica. Un dos obxectivos formulados é a necesidade de promover e fomentar actividades de investigación e desenvolvemento, que sexan máis eficaces e estean mellor coordinadas. O programa configúrase como un instrumento para impulsar o espírito emprendedor no trinomio **investigación, tecnoloxía e emprego**.



Requisitos de cualificación:

Para que un proxecto empresarial poida ser cualificado como IEBT e inscribirse no rexistro correspondente deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ser viable técnica, económica, financeira e comercialmente.
- Que a actividade, produto ou servizo teña carácter innovador e contido científico ou base tecnolóxica.
- Que se trate dunha empresa privada de nova creación,

incluíndo autónomas e autónomos, con centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que se prevexa, no primeiro ano de actividade, a creación de emprego estable para persoas desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, respectando a proporción dunha persoa titulada por cada catro postos de traballo.
- Que o cadro de persoal no momento de iniciar a súa actividade produtiva estea constituído nun 25%, como mínimo, por persoas con titulación universitaria.

Axudas e subvencións:

As axudas concederanse en atención ó número de postos de traballo creados para desempregados e poderán consistir en:

- Axuda á creación de emprego estable.
- Subvención financeira de redución de xuros de préstamos para financiar investimentos en activo fixo.
- Subvencións para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación.
- Axudas en atención ao custo de funcións xerenciais externas.
- Axudas económicas para facilitar o financiamento dos gastos para o inicio e posta en marcha da actividade.

Normativa reguladora:

Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT). (DOG nº 65; 2/04/2007)

2. BONIFICACIÓNS E DEDUCCIÓNS FISCAIS NO CONTRATO INDEFINIDO PARA EMPRENDEDORES

Contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores fomenta a contratación estable por parte dos emprendedores e PEMES, que supoñen máis do 95% do tecido produtivo. Para iso, a norma establece unha serie de bonificaci3ns e deducci3ns fiscais.

Características

- Poderase realizar ata que a taxa de desemprego se sitúe por baixo do 15%.
- Para empresas que teñan menos de 50 traballadores no momento da contratación.
- Por tempo indefinido ordinario.
- Xornada completa.
- Período de proba un ano.



Incentivos

1. Fiscais*

Primeiro traballador contratado pola empresa **menor de 30 anos**, a empresa terá dereito a unha dedución de 3.000 euros da cota íntegra do período impositivo correspondente á finalización do período de proba dun ano esixido no contrato.

En caso de contratar a un **desempregado perceptor de prestación contributiva**, terase dereito a unha dedución da cota íntegra do período impositivo correspondente á finalización do período de proba dun ano esixido no contrato do 50% do menor dos seguintes importes:

- ❖ importe da prestación por desemprego que o traballador tivese pendente de percibir no momento da contratación.
- ❖ importe correspondente a doce mensualidades da prestación por desemprego que tivese recoñecida.

Esta dedución aplicarase respecto de aqueles contratos realizados no período impositivo ata acadar un cadro de persoal de 50 traballadores e sempre que nos doce meses seguintes ao inicio da relación laboral se produza, respecto a cada traballador, un incremento do cadro de persoal medio total da entidade en, ao menos, unha unidade respecto aos doce meses anteriores.



*(Artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto de sociedades, aprobado por Real Decreto Lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, modificado pola Lei 3/2012)

2.- Bonificacións

As Bonificacións na cota empresarial á Seguridade Social, durante 3 anos, para traballadores desempregados inscritos na Oficina de Emprego:

	Contía bonificación	Contrato a unha muller en sectores que estea menos representada
Mocidade (entre 16 e 30 anos)	1º ano: 83,33 euros/mes 2º ano: 91,67 euros/mes 3º ano: 100 euros/mes	As contías incrementanse en 8,33 euros/mes
Maiores de 45 anos	108,33 euros/mes	A contía será 125 euros/mes

Estas bonificacións serán **compatibles con outras axudas** públicas previstas para a mesma finalidade sen que a suma de bonificacións aplicables poida superar o 100 por 100 da cota empresarial á Seguridade Social.

Obrigas da empresa

Debe **manterse o emprego do traballador contratado ao menos 3 anos desde a data do inicio da relación laboral** e deberá manterse o nivel de emprego na empresa acadando co contrato por tempo indefinido de apoio a emprendedores durante, ao menos, un ano desde a celebración do contrato. En caso de incumprimento destas obrigacións procederase ao reintegro dos incentivos.



Non se considera incumprimento cando o contrato se extinga por causas obxectivas ou despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez do traballador ou pola expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato.

3. IDEAS PARA RELANZAR O PEQUEÑO COMERCIO

Debido a presión que ejercen as grandes superficies e as grandes cadenas de distribución, o pequeno comercio está a sufrir aínda máis esta crise económica. Para lograr salir a flote, vamos a proponer algúns consellos para incrementar as ventas:

- **Comercio electrónico:** ofrece o teu produto nunha plataforma virtual. Deste xeito as novidades e ofertas serán vistas máis aló da tua rúa.
- **Cupóns desconto:** ofrece os teus servizos a un precio reducido naquelas datas ou franxas horarias con menor afluencia de clientes.
- **Utiliza precios gancho:** pon algún produto a un precio atractivo para que o cliente entre na tenda, unha vez dentro sempre comprará algo máis.
- **Calidade na atención ó cliente,** é importante tratar ben ó cliente, recomendamos che facer algún curso especializado, axudarache a reflexionar sobre o xeito de traballar e a forma de adaptarse as novas tendencias.
- **Especialización e innovación en produtos e servizos:** trata de introducir algún matiz ou mellora, cambia de provedores para obter produtos novos...
- **A unión fai a forza:** asóciate con empresarios do mesmo sector para crear grupos de compra e reducir os custos de provedores.



4. CURSO FONTANERÍA. AF 2012/001087

A Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia, APE-Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Formación el Colocación (Xunta de Galicia) impartirá un curso de FONTANERÍA.

Data de impartición: do 25 de Febreiro ó 12 de Marzo.

Horario: de 16:00 a 20:00 horas.

Duración do curso: 50 horas.

Lugar de impartición: Montero Ríos, 120B, Estribela, Pontevedra.

Características do curso: completamente gratuito, de modalidade presencial, e con contidos teóricos e prácticos.

Data límite de inscrición: xoves 14 de Febreiro.

Número de plazas: 12

Documentación necesaria para a inscrición:

Copia do DNI.

Copia da Tarxeta Sanitaria.

Copia da Tarxeta de Demandante de Emprego.

Perfil dos alumnos:

Preferiblemente mulleres e persoas maiores de 45 anos.

En situación de desemprego.

Que non fixeran anteriormente esta acción formativa.

Non se require formación previa de ningún tipo.

Solicitamos que as persoas interesadas en realizar este curso se poñan en contacto con APE Galicia no tlf 986891657 ou no email: apegalicia@hotmail.com

Contido básico do curso:

Unidade Didáctica 1. Repaso Xeral.

Unidade Didáctica 2. Mantemento na fontanería.

Unidade Didáctica 3. Instalación interior xeral do edificio.

Unidade Didáctica 4. Instalacións interiores particulares.

Unidade Didáctica 5. Reparación de fontanería en edificio.

Unidade didáctica 6.
Módulo de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.



5. CURSO INGLÉS A2. AF: 2012/001088

A Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas de Galicia, APE-Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Formación el Colocación (Xunta de Galicia) impartirá un curso de INGLÉS A2.

MODALIDADE: Mixto

NÚMERO DE PARTICIPANTES: 12

DURACIÓN DO CURSO:

HORAS TOTAIS: 100

HORAS PRESENCIAIS: 15

HORAS TELEFORMACIÓN: 85 horas (10 horas módulo de Igualdade e 9 h de Sensibilización Ambiental).

PROGRAMACIÓN:

DATA DE INICIO GRUPO: 26 febrero 2013

DATA DE FINALIZACIÓN GRUPO: 25 marzo 2013 (as sesións presenciais rematarán o 19 de marzo)

Calendario presencial: As clases terán lugar martes e xoves en horario de 20:00 a 22:30 (o 26 febreiro e 19 de marzo) e os demais días en horario de 20:00-22:00h. A teleformación terá lugar dende o 27 de febreiro ata o 25 de marzo.

Lugar de impartición: Pontevedra, Plaza de España nº1

Características do curso: completamente gratuito, de modalidade mixta con contidos teóricos e prácticos.



Data límite de inscrición: xoves 14 de Febreiro.

Número de prazas: 6 desempregados e 6 autónomos.

Documentación necesaria para a inscrición:

Copia do DNI.

Copia da Tarxeta Sanitaria.

Copia da Tarxeta de Demandante de Emprego/ recibo autónomos

Solicitamos que as persoas interesadas en realizar este curso se poñan en contacto con APE Galicia no tlf 986891657 ou no email: apegalicia@hotmail.com

Contido básico do curso:

Unidade Didáctica 1. Expresións para saber pedir

Unidade Didáctica 2. Reserva e chegada a un chalé

Unidade Didáctica 3. Prever o tempo

Unidade Didáctica 4. Organizar unha comida e poñer a mesa

Unidade Didáctica 5. Expresións para divertirse e citas laborais

Unidade didáctica 6. Correspondencias, bancos e caixas

Unidade didáctica 7. Pagar unha factura

Unidade didáctica 8. Los escaparates y el probador. Ir de compras

Módulo transversal 1. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Modulo transversal 2. Sensibilización ambiental

